

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2019 PARA: DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e cinco minutos do día dez de decembro do ano dous mil dezanove, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria, que ten sido legalmente notificada en cumprimento do establecido no art. 197.1.c) da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, co único punto da orde do día “**DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA**”, asistindo os señores/as concelleiros/as que se citan de seguido:

I.- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP):

D. Juan Domingo de Deus Fonticoba.
Dna. Ana María Varela Bastida.
D. José Miguel Mahía Prados.
Dna. Begoña Roldós Iglesias.
D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

II.- GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN:

Dna. María del Pilar Díaz Otero.
D. Iván Martínez González.
Dna. María Dolores González Lorenzo.
D. Genaro Prieto Iglesias.

III.- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE):

D. José Ángel Martínez Bardanca.
Dna. Marta Ruiz del Ganso.
D. Ignacio Fernández Fernández.

IV.- GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

D. Argemino Varela Filgueiras

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

En cumprimento do disposto no artigo 197 da LOREX iníciase a sesión extraordinaria sobre a moción de censura contra a alcaldesa Dna. María del Pilar Díaz Otero.

ÚNICO.- DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA.

Sr. Secretario da Corporación: Bos días. En cumprimento do disposto no artigo 197 da Lei de Réxime Electoral Xeral e 70 do Regulamento Orgánico municipal, vai a proceder a debatirse e a votarse a moción de censura presentada contra a actual Alcaldesa de Mugardos, Dna. María del Pilar Díaz Otero. Sinalar que a moción reúne os requisitos para a súa presentación, tal e como dilixenciei o 25 de novembro de 2019, requisitos que eran os seguintes, e que teñen que seguir manténdose no día de hoxe, e como logo veremos, se

manteñen. Que o documento ten sido subscrito por oito concelleiros, que son máis ca maioría absoluta legal dos membros da corporación. Que ningún dos concelleiros/concelleiras que asinan a proposta ten subscrito durante o mesmo mandato outra moción de censura. Que a proposta de moción incorpora a aceptación expresa do candidato alternativo D. Juan Domingo de Deus Fonticoba. E que a proposta de moción incorpora as sinaturas dos concelleiros/concelleiras subscritores debidamente autenticadas por min, como secretario xeral da corporación. E isto deu lugar á súa tramitación e á convocatoria automática por lei para as doce horas do día de hoxe. Entón o Pleno de hoxe ten que ser presidido por unha Mesa de Idade, tal e como establece o artigo 197.e) da Lei de Réxime Electoral Xeral, e o 71 do Regulamento Orgánico, que di... vouno a recordar: “El Pleno será presidido por una Mesa de Edad integrada por los concejales de mayor edad de los asistentes...”, que é D. Genaro Prieto Iglesias, “...e polo de menor idade dos asistentes...”, que é D. José Miguel Mahía Prados. E tamén forma parte da Mesa o secretario da corporación, que son o que está falando. Di a continuación que a Mesa se limitará a dar lectura á moción de censura, constatando que para seguir coa súa tramitación que nese mesmo momento se manteñen os requisitos esixidos nos... aos que fixen referencia anteriormente, do parágrafo a) do artigo 197.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, dando a palabra, no seu caso, durante un breve tempo, si estiveran presentes, ao candidato á Alcaldía, á Alcaldesa e aos Portavoces dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura. Recordar, polo que... polo Pleno que se celebrou antes, que o punto número tres deste mesmo artigo dice que: “La dimisión sobrevenida del Alcalde no suspenderá la tramitación y votación de la moción de censura”. En consecuencia, bueno, se procede a formar a Mesa de Idade, que queda integrada por Genaro Prieto Iglesias, Miguel Mahía e o secretario. Entón, como di a lei, hai que dar lectura, en primeiro lugar á moción de censura presentada.

Polo tanto, preside o Pleno a Mesa de Idade, que queda constituída por D. Genaro Prieto Iglesias e D. José Miguel Mahía Prados, actuando D. Rafael Bermúdez Iglesias como Secretario da mesma.

De seguido toma a palabra o sr. Prieto Iglesias, concelleiro de maior idade da Mesa de Idade, facendo a seguinte intervención, de conformidade co disposto no artigo 197.1.e) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral:

Sr. Prieto Iglesias: Ben, damos comezo logo ao debate da moción de censura. E paso a ler a... a propia moción:

“Según... según lo amparado en el artículo 70 del Reglamento Orgánico Municipal y en base al artículo 197 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General y el ordenamiento jurídico vigente, presentamos la siguiente Moción de Censura proponiendo como Candidato a la Alcaldía al concejal Juan Domingo de Deus Fonticoba, quien a continuación firma aceptando expresamente el ser candidato a Alcalde-Presidente del Concello de Mugaros. Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Exposición de motivos

A la vista de que el Gobierno de Izquierda Unida se ha caracterizado por:

- La falta de diálogo con las diferentes fuerzas que componen la corporación municipal.*
- La imposibilidad de dar estabilidad al Ayuntamiento de Mugaros, por romper con todos aquellos partidos con los que Izquierda Unida ha realizado pactos de gobierno.*
- El desprecio a las decisiones del máximo órgano de representación de la ciudadanía.*
- La incapacidad de gestionar el día a día, la ejecución de las obras programadas y la implantación de nuevos programas.*
- Parálisis en asuntos relevantes como son el Plan General de Ordenación Municipal o la ausencia de presupuestos.*
- Marketing como forma de esconder sus carencias y la falta de proyectos, y el uso partidista de los recursos municipales.*

Este análisis hace que las organizaciones tomemos la decisión de iniciar un nuevo camino que implique la implementación de una nueva forma de gobernar, y que tomemos la decisión de anteponer Mugaros por encima de todo, incluidas nuestras siglas.

Esta moción es necesaria tras comprobar que por parte del actual gobierno de Izquierda Unida ninguna de las presentes actuaciones se habría realizado si con el consenso necesario, ni con las garantías suficientes.

Por ello los firmantes de esta moción se comprometen a llevar a cabo los siguientes puntos a lo largo de la legislatura:

- Consensuar y aprobar todos los POS.*
- Consensuar y aprobar los Presupuestos municipales anuales.*
- Consensuar y aprobar cualquier modificación de crédito u ordenanza municipal.*
- Consensuar y aprobar la nueva RPT y de la Oferta Pública de Empleo.*
- Consensuar y aprobar el nuevo organigrama municipal, reparto de áreas y régimen de retribuciones de la corporación.*
- Consensuar el Plan General y las actuaciones para iniciar su aprobación en este mandato.*

Además, se comprometen a llevar a cabo las siguientes actuaciones de urgencia:

- Aprobación del Plan Económico Financiero y los Acuerdo de No disponibilidad de Crédito para dar estabilidad a los presupuestos municipales, que el gobierno de Izquierda Unida ha roto en más de 607.000 €.*
- Dotar de transparencia a los procesos administrativos para acabar con la opacidad absoluta de la gestión que hay actualmente.*

-Sacar a concurso todos los contratos que vulneran la ley de contratos del sector público, y que el gobierno de Izquierda Unida no ha regularizado en los últimos dos años.

-Saldar todas las deudas pendientes que tiene el Concello de Mugardos con otras administraciones.

-Pago de todas las facturas pendientes a PYMES, que en algunos casos llevan sin cobrar desde mayo del presente año.

-Pago de las horas extras que se deben al personal municipal.

-Realizar un estudio de las infraestructuras y equipamientos municipales más demandados por la ciudadanía y refuerzo de los servicios públicos.

Asimismo, de forma quincenal se procederá a mantener una reunión para evaluación de los compromisos adquiridos.

Por lo tanto, solicitamos la tramitación para la convocatoria del pleno extraordinario oportuno dentro de 10 días a las 12:00 horas tal y como se especifica en el artículo 70.1 del Reglamento Orgánico Municipal y en la Ley Electoral y demás ordenamiento, y se tenga por presentada la siguiente Moción de Censura.”

Sr. Secretario: Bueno, sinalar que seguen as firmas dos seguintes concelleiros, autenticadas por min, como xa dixen antes, que son: José Ángel Martínez Bardanca, Juan Domingo de Deus Fonticoba, Ignacio Fernández Fernández, Ana María Varela Bastida, Marta Ruíz del Ganso, José Miguel Mahía Prados, Begoña Roldós Iglesias e Jorge Manuel Kuntz Peiteado. Polo tanto a moción, de acordo co que dispón o artigo 197.e), reúne os requisitos esixidos para a súa tramitación e para continuar a sesión plenaria, que son: que está firmada, como se acaba de ver, pola maioría absoluta dos membros da corporación, que ten un candidato alternativo a Alcalde, que é D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, e que ningún dos asinantes forma ou formaba parte do grupo político municipal da alcaldesa censurada. En consecuencia, procede seguir ca... co Pleno.

Faise constar que figura a firma do candidato autenticada polo secretario da corporación e tamén figuran as firmas autenticadas dos concelleiros e concelleiras asinantes da moción.

Faise constar que pola Mesa de Idade se ten constatado que se pode continuar coa tramitación da moción de censura posto que se manteñen os requisitos esixidos no artigo 197.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e que esta secretaría non ten coñecemento de calquera alteración dos requisitos esixidos no citado artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985.

Sr. Prieto Iglesias: Ben, damos... damos paso ás intervención do defensor da moción e á ex-Alcaldesa.

Sr. Secretario: E dos grupos, si queren intervir que pidan a palabra.

Sr. Prieto Iglesias: E logo os grupos, un portavoz municipal de cada... ou sexa, o portavoz de cada grupo pois tamén terá intervención, ou todo aquel que queira intervir. Ben, ten a palabra Juan Domingo.

Faise constar que o sr. Prieto Iglesias, quen preside a Mesa de Idade, e conforme establece o art. 197.1.e) da Lei 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, concede a palabra, e pola seguinte orde, ao candidato á Alcaldía, á ex-Alcaldesa e os Voceiros do grupos municipais.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Bueno, bos días a tódolos asistentes. En primeiro lugar agradecer o apoio que sempre tivemos e que así se reflexou nos últimos dous mandatos, en onde fomos a forza máis votada en Mugardos. Habemos de agradecer tamén a aqueles que antepoñen ás súas siglas ao benestar dos Mugardeses, e a eles tamén hai que agradecerlles que en todo caso Mugardos sempre estea por encima de todo, das nosas siglas e dos nosos propios partidos políticos ¿non?. Estamos en política para axudar aos nosos veciños e para que teñan uns mellores servizos e que teñan unha administración que vele polos seus intereses e que non vele polos dos políticos. Niso estamos comprometidos a dotar de transparencia a un concello que non a tivo, a dotar de diálogo, onde non houbo diálogo, e polo tanto calquera idea, sexa de quen sexa, que beneficie aos mugardeses será benvida. Non votaremos en contra simplemente porque un partido político cunha ideoloxía diferente á nosa teña unha idea que poida axudar aos mugardeses na súa vida, e polo tanto non teremos... temos que valorar todas esas posicións que axuden ao benestar dos nosos veciños, que son sempre o primeiro no que temos que velar aqueles que nos dedicamos ao público. En todo caso quero agradecer tamén pois ao meu grupo de compañeiros e compañeiras que pois estiveron traballando de xeito pois moi importante para traballar sempre no posto que nos colocou a vida estes últimos anos, tanto no goberno como na oposición, sempre coa mesma ilusión; unha ilusión de cambiar Mugardos e que Mugardos prospere, e sexa un pobo próspero e que teña uns cambios significativos, que a xente teña un porvir moito mellor do que temos, sobre todo os nosos mozos e os nosos maiores. E niso... con iso estamos comprometidos, coa xente que o pasa peor, coa xente que ten dificultades para adquirir axudas públicas dun concello, e todos aqueles que en todo caso cren que o concello debe de ser unha solución aos seus problemas e non ser a casta política un problema engadido aos seus propios problemas. Os veciños poden saber que sempre imos a falar con eles, independentemente das súas siglas políticas, independentemente de calquera das súas connotacións ideolóxicas, estamos aquí e seremos un goberno para todos, como xa o amosamos cando tivemos a oportunidade. E nada máis, non quero estenderme máis. Eu creo que é hora de actuar e de falar menos, e niso é o noso compromiso, mirar por Mugardos, Mugardos sempre o primeiro, e ese é o noso compromiso para cambiar o xeito de gobernar este pobo.

Sr. Prieto Iglesias: Gemi, tes a palabra.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, bos días a todos e a todas outra vez. Ben, eu vou a dar comezo á miña intervención lendo parte dun comunicado que di o seguinte: “Unha moción de censura é un mecanismo legal e democrático, pero non por iso deixa de ser, na nosa opinión, a peor das opcións posibles. As consecuencias políticas e sociais da presentación dunha moción de censura son imprevisibles, e esa é a maior das nosas preocupacións, como poida saír de aquí o Concello de Mugarbos e a súa veciñanza. A nosa máxima prioridade nestes momentos é evitar que o enfrontamento político que existe se converta tamén nun enfrontamento social do que nada bon vamos a poder sacar”. Isto, señoras e señores, é parte do comunicado do PSOE de Mugarbos na anterior moción de censura no ano 2016, e que foi aprobada por unanimidade da súa assemblea local. Pois ben, eu creo que coa presentación desta moción van a conseguir todo o contrario, por que basear a moción en que Esquerda Unida non fai políticas de esquerda, e coa exposición de motivos, que non son máis que un corta e pega da anterior moción presentada por Esquerda Unida, ICM e BNG no 2016, iso si, traducida ao castelán para que non se note tanto a similitude; moción que lle vai a dar a Alcaldía ao PP, que é como darlle un cheque en branco, ¿ou é que pensan que o PP si vai a facer políticas de esquerda?, ¿cren de verdade que o partido da reforma laboral, da lei mordaza, da persecución da nosa lingua, da oposición a que os pobos poidan elixir libremente, o partido condenado por corrupción vai facer políticas de esquerdas ou tan sequera progresistas?. Xa lles digo eu que non, que pola contra vai a facer políticas de dereitas como está a demostrar nos Concellos e nas autonomías onde goberna coa extrema dereita. Claro que tamén poderán dicir que na anterior corporación tamén o BNG foi parte fundamental para a presentación dunha moción de censura ao Partido Popular, pero certamente as circunstancias e as consecuencias non son as mesmas, porque naquel momento tres organizacións políticas cun ideario progresista e de esquerdas, e despois de catorce meses de ingobernabilidade e falta de xestión do PP, entendeu necesaria a presentación dunha moción de censura para recuperar unha nova forma de gobernar e dar resposta aos problemas da maioría social. E isto plasmouse nuns acordos de goberno, que hoxe aquí non vexo por ningunha parte, ou quizais si, xa que vostedes van a aprobar co Partido Popular todo o que recollen na moción, o que van a facer é gobernar de maneira encuberta co PP, van a gobernar dende a sombra, pero á fin e ao cabo van a gobernar co PP. Porque si ben é certo que nós coñecemos de primeira man as formas de actuar de Esquerda Unida, formas que non compartimos, como temos demostrado co abandono do goberno municipal en novembro do 2017, non seremos nunca responsables de entregar a alcaldía do noso pobo ao Partido Popular, porque entendemos que é unha irresponsabilidade ter presentado unha moción de censura para días despois solicitar entendemento das forzas progresistas de esquerda, como manifesta publicamente o PSdeG, abrindo a porta novamente a outorgar a alcaldía a Esquerda Unida, partido que hoxe están a censurar, si Pilar Díaz deixa de ser a Alcaldesa. E nós non entendemos que se actúe por personalismos, en lugar de buscar a estabilidade municipal, estabilidade que por certo tampouco garante a moción de censura, xa que o Partido Popular quedaría gobernando con cinco dos trece concelleiros e concelleiras que conforman o Pleno municipal. Por iso lamentamos profundamente que tanto PSOE como Esquerda Unida buscaran unicamente a maioría numérica xa no comezo deste mandato, en lugar dun acordo progresista ao que agora apelan os socialistas. Porque o certo é que o PSOE nunca asinou un acordo de goberno con Esquerda Unida, senón que o que asinaron foi un acordo de investidura, e o que é peor, estou convencido de que nunca quixeron facer alcaldesa a Pilar

Díaz, senón que o que fixeron foi presentar a última hora unha proposta de acordo coa esperanza de que Esquerda Unida a rexeitara, pero para a súa sorpresa Esquerda Unida aceptouna, e non lles quedou máis remedio que investir a Pilar Díaz Alcaldesa. Proposta de acordo, que por certo, o único que fixo foi repartir sillóns e adicacións para o grupo de goberno, e que vostedes mesmos non tardaron nin unha semana en incumplir, xa que nesa proposta falábase de seis comisións cunha periodicidade quincenal, e aos tres días, como quen di, votaron vostedes a favor de cinco comisións e con carácter mensual, nun intento de coartar a participación dos grupos políticos na vida municipal. Tamén é certo que tampouco podemos nin debemos pasar por alto a xestión de Esquerda Unida á fronte do Concello, nomeadamente co que respecta aos grupos cos que goberna, aos que pouco a pouco lles vai restrinxindo a xestión da súa área e que ten como consecuencia que máis cedo que tarde teñan que abandonar o goberno, e isto é algo que debería facer recapacitar a Esquerda Unida, que ten que asumir que esta non pode ser a maneira de gobernar cando o fas en coalición con outras organizacións políticas, pois cada quen pretende desenvolver o traballo na súa área sen inxerencias de ningún tipo. E tampouco podemos obviar a retroalimentación no enfrontamento continuo entre Esquerda Unida e o PP, pois nese clima de crispación non son nada o un sen o outro, e por iso nin Esquerda Unida nin o PP están interesados en rebaixar a intensidade do conflito, e poñer proa á búsqueda do consenso nos temas importantes. Porque este clima de tensión e crispación aínda que non favorece en absoluto o avance do noso Concello, a eles si que parece darlles bos resultados. En resumen, eu creo que o PSOE hoxe aquí trabúcase coa presentación desta moción para entregarlle un cheque en branco ao PP, que xa demostrou na corporación anterior, cando tivo a Alcaldía, que non é quen de xestionar e gobernar, e que para agochar todas esas carencias adicouse a desacreditar a xestión dos anteriores gobernos do BNG, primeiro coa contratación dunha auditoría externa que non demostrou nada punible, e despois coa presentación da denuncia ante o Tribunal de Contas, que tamén, por certo, decidiu arquivar a causa ao non atopar ningún tipo de irregularidade. En fin, creo que hoxe Mugardos da un paso atrás, pero aínda así a todo dende o BNG, e como fixemos e faremos sempre, continuamos na nosa disposición de dialogar e debater para tratar de consensuar co resto dos grupos da corporación a búsqueda de solucións ás múltiples demandas da nosa veciñanza, para o cal imos a poñer toda a nosa vontade e compromiso. Moitas grazas.

Sr. Prieto Iglesias: José Ángel, ten a palabra.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Hola, bos días outra vez. Ben, hai que dicir que nós estamos nesta situación, chegouse a esta situación por dúas cuestións, por dúas cuestións claras ¿non?. Unha, primeira, que é o incumplimento por parte de Esquerda Unida dun acordo de goberno, que se negociara como se negociara non deixa de ser o mesmo acordo, e non deixa de ter que cumprirse igualmente por parte de... por parte de todos. E neste caso si que había un acordo de goberno, si que hai un acordo de esquerdas, o Partido Socialista dende o principio, dende o principio o Partido Socialista, avogou... quixo que houberse este acordo, e intentouse que houberse este acordo, e foi Esquerda Unida unilateralmente o que rompeu este acordo. O Bloque elude que nós imos en contra da... da transparencia, da que algún modo cando o Partido Socialista e... agora estamos na oposición, igual que está... que está o bloque, e segue habendo un problema de fondo, que non é

precisamente as dedicacións, senón que é a transparencia por parte do goberno. Porque aquí en Mugar dos o rexistro, por exemplo, non é un rexistro público, o rexistro de entrada non é un rexistro público, e... os orzamentos non están a disposición dos grupos nin dos veciños, nin tampouco está a disposición dos veciños o rexistro de facturas, por exemplo, que son cousas que si deberían de estar ¿non?; iso si que creo que é avogar porque a oposición poida facer o seu traballo, non simplemente unha dedicación. Iso en relación ao que dicía Gemino, do partido do Bloque ¿non?. Esta situación que estamos aquí é por... é claramente polo incumprimento unilateral por parte de Esquerda Unida. Nós estamos nun goberno de esquerdas polo que esperamos que se actúe conforme aos valores da esquerda, e aquí non se actuou conforme aos valores da esquerda; aquí viuse como este Concello, coa Alcaldía de Pilar Díaz, foi denunciado polos traballadores en múltiples ocasións. Aquí vimos como se asinan contratos con empresas e con... e con empregados, que non cumpren o que son os principios da esquerda, digamos. Entón bueno, entendemos que nesta situación, con estas políticas que se están a desenvolver en Mugar dos é necesario que haxa un cambio, que haxa unha transformación. Logo e... se imos á xestión do concello, na cal a pesares de estar no goberno a nós non se nos permitía participar nesa xestión por parte da Alcaldía, pois atopámonos en que realmente nin estamos no goberno, nin estamos na oposición e ademais o pobo é o que está prexudicado por esta situación. Que é un goberno que é, en teoría, de nome, nomeado goberno de esquerdas, pero realmente estamos nunha ditadura de Esquerda Unida ¿non?. Entón, nese sentido e... a saída que lle atopamos a esta situación é un cambio de goberno, un cambio de goberno que supoña pois digamos que un novo xeito de ver a... de entender a política, de ver a política en Mugar dos através do diálogo, que é algo necesario cando non se está en maioría, e que ata agora Esquerda Unida pois actuou como se estivese... como si tivese maioría. Por ese motivo é o motivo desta moción, ou sexa, son dous factores moi claros, un, o incumprimento total por parte de Esquerda Unida do acordo de goberno dende o primeiro día, non é que pasasen catro meses, senón que dende o primeiro día. Nós as competencias nas nosas concellerías non as tivemos ata o mes de... ata finais do mes de agosto, dous meses despois da investidura. Nós unha vez que se nos dan as competencias retíranos as competencias, non son acorde co que asinamos no acordo de goberno. Entón iso é unha forma de actuar mentirosa por parte do goberno, que é o que nós recibimos durante este tempo. Agora preséntasenos unha... bueno, unha renuncia de última hora, que tampouco a nós nos garante que se vaia a producir un cambio efectivamente na forma de actuar, na forma de xestionar de... do Concello. Nós pedíamos á Alcaldesa, neste caso, que para poder retomar a situación despois de ternos enganado e mentido tería que ter dimitido, directamente, e pasou un prazo de tempo máis que razoable dende que nós indicamos a nosa intención de presentar unha moción de censura, e agora, dende que esta moción se meteu por rexistro e se fixo oficial pasaron tamén máis de dez días sen ter ningún tipo de contacto coa agrupación de Mugar dos, que é a que decidiu dar este paso, a assemblea de Mugar dos respaldou para dar este paso, visto que a situación era insostible, a situación tanto no goberno como no... no goberno municipal como no concello, e nestas circunstancias nós cremos que estamos a facer o correcto, non para o Partido Socialista, que efectivamente vai a... votou... propiciou un goberno de esquerdas e agora vai a propiciar todo o contrario, pero si que é o correcto para Mugar dos, que en definitiva é para o que nós nos presentamos ás eleccións, para que Mugar dos mellore, para que Mugar dos avance, e para que se fagan outro tipo de políticas e sobre todo que é esta crispación que leva e que non é nova, non é desta corporación, esta

crispación é unha crispación que xa ven de atrás, como ben dicía o compañeiro de... do BNG, efectivamente aquí había crispación xa cando eles gobernaban fai oito anos e segue a haber esa crispación. Entendemos que esta situación é necesario cambiala, e por iso chegamos a este punto, xa lle digo, non é un punto que nós... sexa desexado por nós, porque nós desexábamos realmente estar nun goberno de esquerdas, e estivemos e tratamos de facelo o mellor posible cando estivemos aí, pero dadas as circunstancias pois non nos queda tampouco outra solución.

Sr. Prieto Iglesias: Ten a palabra Iván.

Sr. Martínez González: Bueno, bos días a todos e a todas. Hoxe estamos a debater aquí, neste Pleno, unha moción de censura contra o proxecto de Esquerda Unida para Mugardos. En primeiro lugar agradecer o esforzo e o traballo desenvolvido dende o cargo da alcaldía por Pilar Díaz Otero, e a consecución e a realización de proxectos longamente anhelados pola cidadanía de Mugardos, a rehabilitación do Casco Vello, os avances para acadar a praza pública no centro da vila, mellora dos camiños e viais municipais, rehabilitación de espazos singulares como San Vitorio, sen esquecermos da Casa de Bello Piñeiro, do proxecto do Cine Zárate para biblioteca, da apertura do Centro de Interpretación de Caldoval, e outros en marcha, como son os tan necesarios viais cara o peirao ou a senda peonil ata O Baño. O cambio cultural através dunha programación de calidade para todos e en tódolos lugares, incluíndo o inicio dos trámites necesarios para que a Festa do Polbo á Mugardesa sexa declarada festa de interese turístico nacional está a situar a Mugardos como un referente cultural. Temos un concello saneado economicamente que invirte na mellora da calidade de vida da veciñanza tanto en infraestruturas como no seu benestar, a pesares dos continuos intentos de criminalización da xestión deste goberno, todos fracasados e arquivados pola fiscalía, nin corrupción, nin prevaricación, nin mala xestión. Este é o proxecto de Esquerda Unida de Mugardos, e queremos que continúe, queda moito avanzado e confiamos siga adiante en beneficio de tódolos mugardeses e mugardesas. No día de hoxe, a nosa Alcaldesa, Pilar Díaz Otero, presentou a súa renuncia ao cargo para que a súa continuidade non fose impedimento en que este proxecto colectivo que aquí representamos continuase o camiño da transformación de Mugardos. Esta acción non é un signo de debilidade, senón unha fortaleza da nosa organización, dende a colectividade unidos polo desexo de participar xuntos con moitos outros contribuindo a crear unha sociedade mellor. Esquerda Unida seguirá a traballar dende as institucións para Mugardos siga avanzando. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Prieto Iglesias: Ben, acabado o turno de intervencións pasamos á votación. Vai a ser nominal, chamaremos polo nome, e cada un pois contesta o que considere.

Rematadas as intervencións e dado que o desenvolvemento da presente sesión plenaria está claramente determinado no art. 197.1.e) da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese pola Mesa de Idade, sen máis dilación, a someter a votación a moción de censura.

Sr. Prieto Iglesias: Comezamos a votación. Juan Domingo de Deus Fonticoba.

INCIDENCIA: Faise constar que non se transcribe en acta o sentido do voto efectuado por D. Juan Domingo de Deus Fonticoba por telo realizado co micrófono pechado, facéndose constar, así mesmo, que o sentido do voto manifestado por D. Juan Domingo de Deus Fonticoba e favorable á aprobación da moción de censura.

Sr. Prieto Iglesias: María del Pilar Díaz Otero.

Sra. Díaz Otero: En contra.

Sr. Prieto Iglesias: Ignacio Fernández Fernández.

Sr. Fernández Fernández: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: María Dolores González Lorenzo.

Sra. González Lorenzo: En contra.

Sr. Prieto Iglesias: Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

Sr. Kuntz Peiteado: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: José Miguel Mahía Prados.

Sr. Mahía Prados: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: José Ángel Martínez Bardanca.

Sr. Martínez Bardanca: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: Iván Martínez González.

Sr. Martínez González: En contra.

Sr. Secretario: Genaro Prieto Iglesias.

Sr. Prieto Iglesias: En contra.

Sr. Prieto Iglesias: Begoña Roldós Iglesias.

Sra. Roldós Iglesias: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: Marta Ruiz del Ganso.

Sra. Ruiz del Ganso: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: Ana María Varela Bastida.

Sra. Varela Bastida: A favor.

Sr. Prieto Iglesias: Argemino Varela Filgueiras.

Sr. Varela Filgueiras: En contra.

Sr. Prieto Iglesias: Xa está.

Sr. Secretario: Bueno, en consecuencia, a moción prospera e queda... o dis ti.

Sr. Prieto Iglesias: Bueno, a moción prospera e queda nomeado Alcalde Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Rematada a votación obtéñense 8 votos a favor da moción de censura (5 PP, 3 PSOE), 5 votos en contra (4 ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN, 1 BNG), quedando, en consecuencia, proclamado alcalde o candidato incluído na moción de censura D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, do Grupo Municipal do Partido Popular.

Sr. Secretario: Para adquirir... ten sido proclamado Alcalde D. Juan Domingo de Deus Fonticoba ao prosperar a moción de censura. A continuación se vai a darlle posesión do cargo, para o cal ten que xurar... facer o xuramento ou promesa do cargo de Alcalde, de acordo coa fórmula establecida no artigo primeiro do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Acto seguido, ao abeiro do establecido no artigo 108.8 da Lei 5/1985, do Réxime Electoral Xeral e no artigo 70 do Regulamento Orgánico Municipal, pola Mesa de Idade procédese a tomar xuramento ou promesa do cargo de alcalde a D. Juan Domingo de Deus Fonticoba conforme á fórmula legal que establece o R.D. 707/1979, de 5 de abril, regulador da forma para toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

Sr. Prieto Iglesias: D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade ao Rei, e a gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Si, xuro.

Sr. Secretario: Pasa a presidir a sesión unha vez que tomou posesión do cargo.

Logo de ter respostado D. Juan Domingo de Deus Fonticoba “SI, XURO” á fórmula da pregunta establecida no R.D. 707/1979, toma posesión do Cargo de Alcalde neste acto ante o Pleno da Corporación, pasando a ocupa-la Presidencia.

De seguido o sr. Alcalde pronuncia unhas palabras, que traducidas din: Bueno, non quero... non quero alongarme do que xa dixeran. Gústame, en todo caso cumprir a palabra dada, son un home ao que lle gusta cumprir os compromisos que ten, co custo que supón ás veces dedicarse a isto da política; que algún creio como un sacrificio menor e non deixa de ser un sacrificio enorme a nivel persoal, a nivel familiar, por iso quero agradecer en todo pois a miña muller, que está por aquí, aos meus pais, polo sacrificio enorme que fan tamén, porque isto conleva un sacrificio persoal, ter que dedicar moito máis tempo pois aos meus veciños, aos que quero e aos que... e a un pobo que me veu nacer e que quere... e que quero ver prosperar e que quero... que queremos entre todos un equipo pois sen dúbida que Mugardos sexa un motor da comarca e que non esteamos sempre a rebufo doutros Concellos ¿non?. O dito, nós... xa o dixeran cando fun Alcalde a anterior vez, dende este mesmo momento renunciámonos ás nosas siglas a favor de gobernar para todos, presentámonos por un partido político, pero en todo caso agora xa nos... xa non podemos facer alusión a unhas siglas porque agora imos a gobernar para todos sen as ataduras que algúns aínda teñen de dereitas ou esquerdas. Nós somos xente doutra época, que diferenciamos perfectamente quen son os equipos e as persoas capaces de dialogar, xente doutra xeración que enterra o pasado para mirar ao futuro, e polo tanto eu invito dende aquí a todos aqueles que teñen ese compromiso, e que se veu hoxe aquí, que hai xente en política que tamén pon por diante de si aos mugardeses por antes das súas siglas, e iso é algo que non é bastante común na política actual. Polo tanto nós dixemos o que dixemos sempre, que tendemos unha man, isto non vai de políticas de dereitas nin de esquerdas, non o foi, e quen foi... e que nos veu no goberno sabe que non somos así. Somos políticos nin de dereitas nin de esquerdas, somos políticos da xente, e sobre todo da xente que nos necesita, e con eses aquí imos estar para axudalos e estar sempre cunha porta aberta para calquera que queira vir, independentemente das siglas, non é que o diga, é que xa o fixen cando tiveran a oportunidade de facelo. E polo tanto ímolo a facer, e eu confío nun equipo que temos, con xente con experiencia, con ilusión e con, loxicamente, pois co diálogo que fai falta neste Concello e que coa axuda de todos pois Mugardos non só vai a ser mérito do goberno, será de todos aqueles que aporten ideas, aporten solucións e aporten proxectos importantes para o noso pobo, e que indubidablemente teñen que ser ben recibidos, independentemente de quen os faga ou quen os diga, e polo tanto estamos aquí abertos, indubidablemente a calquera das opcións e proxectos, que dende os partidos que votaron en contra, como non, tamén nos poñemos á súa disposición para que formen parte dun proxecto común, que é Mugardos, e que ten que estar por encima desas vellas rifas que son os partidos de encasillarnos a todos nas esquerdas ou nas dereitas. Nacín en democracia, e polo tanto considérome unha persoa demócrata, e unha persoa que ten uns principios claros, e polo tanto por encima de todo elo e por encima da política está a xente, e esa é á que me debo, non me debo a outra cousa, débome aos meus veciños e débome á xente que quere ver un Mugardos distinto, un Mugardos onde teñan cabida todos, onde todo o mundo poida participar, onde todo o mundo teña algo que dicir, onde non se vexa a un veciño cunha

preocupación non se vexa como unha ameaza senón como unha oportunidade para que nós nos poñamos a traballar aínda máis. Habrá cousas que non poderemos facer, habrá cousas que non poderemos porque bueno, é verdade que non o podemos facer todo, pero que non lle caiba a menor dúbida a ninguén de que nós involucrarémonos a tope para que o mellor do mellor de nós se vaia a poñer ao servizo de todos vostedes. E polo tanto non quero seguir máis, simplemente non quero alongar máis o tema, pero agradecer a tódolos presentes, agradecer ao pobo de Mugaros pois esa confianza que nos deu nos últimos dous mandatos, como a forza máis votada, cada vez con máis votos, e non simplemente, non creo que sexa unha cuestión so de ideoloxías, eu creo que é unha cuestión de persoas e de equipos que consideran que o primeiro é Mugaros e os mugareses. E ese é o noso verdadeiro compromiso, un compromiso por todos aqueles que queiran sumar neste proxecto que se chama Mugaros e que este proxecto que ilusione á xente máis aló desas vellas rifas e eses vellos diálogos trasnoitados de colocarnos a todos entre as esquerdas e as dereitas; nin as esquerdas foron boas para Mugaros sempre, nin as dereitas tampouco. Polo tanto todos temos que aprender dos erros. Esquerda Unida tivo gobernos con maioría absoluta non fai moito que foron un despropósito para este Concello e que romperon de xeito sucesivo. Polo tanto as maiorías non se consolidan por ser de esquerdas ou de dereitas, consolidanse por ser xente que ten claro que Mugaros está por diante de todo, que ten claro que todos temos que dar unha parte de nós e ceder en moitas cuestións e que está claro que todos somos importantes. Nin nós queremos ser os protagonistas do troco senón que queremos que todos poidades participar en que Mugaros teña algo mellor, e aí ídesnos a atopar a todos aqueles que independentemente a quen votádesdes tedes claro que Mugaros está sempre por encima, e nós témolo claro dende sempre, vimos á política non para facer grande ao noso partido, vimos porque nos importa o noso pobo, porque queremos que creza o noso pobo, e bueno, pois intentámolo, ás veces podemos e outras veces non podemos, é verdade, pero non o imos deixar de intentar. A ilusión é total, temos ilusión, temos proxectos, temos moitas cuestións e trocos que teremos que considerar, pero en todo caso e... o importante é que todos vós vexades que o goberno é de todos, e que independentemente da ideoloxía de cada un estamos aquí para servirvos a cada un de tódolos que estades aquí. Ese é o noso compromiso, o meu compromiso persoal, e polo tanto e... non dubidedes en chamarnos á nosa porta si o necesidades porque imos estar indubidablemente con todos e cada un de vós. Moitas grazas.

De seguido, e sendo as doce horas e corenta e oito minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,